

ACTA

REUNIÓN ORDINARIA DE XUNTA DE GOBERNO:

DATA: mércores 28 de xuño de 2023

HORARIO: 17.30 – 20.15 h

LUGAR: Rúa Dublín, nº6 Santiago de Compostela

RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES PRESENCIAL:

Ana María Rodríguez Fernández (Secretaría)	Pablo Antelo García (Vogal)
Antonio Doval Canabal (Tesouraría)	Cristina Díaz Mira (Vogal)
Adriana Vieites Freire (Vogal)	Laura Zapata Criado (vogal)
Miriam Rodríguez Sierra (Presidencia)	David Gontán Varela (Técnico COTSG)

RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES ONLINE:

RELACIÓN DE PERSOAS AUSENTES:

Elena Gómez Fernández (vogal)

Ana Vilar Varela (Vicepresidencia) – delega voto en Miriam

María Rosario Capelo Casas (Vogal)- delega voto en Cristina

1. Aprobar, se procede, a acta da Reunión Ordinaria do 31 de maio do 2023

Aprobada por unanimidade.

2. Cuestións de persoal

A traballadora deste Colexio, Tamara Fernández foi dada de alta médica o 22 de xuño, pero non se incorporou ao seu posto de traballo. Enviárase a comunicación do despido disciplinario por correo certificado. Proponse facer un contrato de duración de 6 meses a María Olivares que foi contratada para substituír durante á baixa médica da mencionada traballadora.

O traballador Aquilino Santiago solicita unha xornada reducida por coidado de fillo menor, dun 14% en xornada habitual e de 9% en xornada de verán. Aprobábase a petición e facer unha revisión anual das condicións. (acción: consultar coa asesora legal).

Sobre o traballador, Ignacio Igrexas, explicáronse en 2 xuntanzas as súas funcións. Proponse que Miriam sexa representante no Consello Galego de Benestar e el suplente.

Acordábase que o persoal técnico faga proposta para actualizar blog, e informar a Xunta de Goberno.

Acordábase dar máis autonomía ao persoal técnico e que manteña informada a Xunta de Goberno mediante coordinación. Informábase que se vai facer unha presentación das novas incorporacións o equipo no portal web e nas redes sociais.

3. Coordinador de benestar nos centros educativos

Acordábase enviar texto redactado dende o grupo de traballo social e educación.

O persoal técnico deseñará unha campaña, para propoñer un profesional do eido social nos centros educativos.

4. Grupo de exercicio libre

Estudábase o texto que redactaron as compoñentes do grupo, e acordábase que a técnica María Olivares lles traslade a necesidade de facer unha revisión do escrito para facelo menos denso e máis didáctico, e que poida cumprir mellor o obxectivo de informar da peritaxe aos Xulgados e os Colexios de Avogacía.

5. Canle de denuncias

Informábase de que a canle de denuncia xa está activa, e acordábase que David Gontán sexa o responsable da mesma coa colaboración de Julia Álvarez.

6. Contrato de Protección de Datos-

Acórdábase revisar o contrato en vigor coa empresa de protección de datos. Solicitáronse ofertas a outras empresas para prestar este servizo, e comparar e avaliar a continuidade ou rescisión da mesma.

7. Código do bo goberno.

Acórdase pospoñer para a seguinte reunión da Xunta de Goberno, o sistema para que a colexiación debata e aprrobe se é o caso, o Código do bo Goberno.

8. Xuntanza con INDAGA.

Informase a Xunta da reunión mantida coa cooperativa INDAGA para a elaboración do proxecto de investigación sobre os Servizos Sociais en Galicia.

9. Reclamacións chegadas o caixa de queixas.

Acórdase contestar as queixas, decídese que non son competencia do Colexio ao que solicitan.

Julia revisará para mandar contestación.

10. Posibilidade de convocar nova edición do curso de informe social e valoración de apoios.

Acórdase solicitar presuposto para poder avaliar unha nova convocatoria.

11. Reclamacións OPE 2019.

Acordase facer un escrito a Valedora do Pobo. E informar as persoas que fixeron a reclamación.

12. Plataforma A.

Acordase publicar no portal web o escrito, que sobre este tema realizou o Consejo General de Trabajo Social.

13. Pago aos docentes por teleformación.

A técnica encargada de formación, Lorena Lamas, fai unha proposta para modificar os importes que se se pagan pola formación a distancia. Acordase estudar a proposta e levala a seguinte XG como punto da orde do día.

14. Convenio da Xunta de Galicia coa ANPS sobre o reforzo do IMELGA.

Acordase que Julia revise o convenio para ver a posibilidade de facer reclamacións.

15. Posible participación no estudo de INNOVAHUBSS

Subiranse enquisas previa revisión ao apartado de investigación do portal web do Cole

16. Programa EMPODERA-T da asociación ARELAS.

Acordase subir ao portal web a información deste programa no apartado de asociacións para darlle visibilidade.

17. Facultade de Traballo Social de Ourense mediación

Docentes da grao de Traballo Social de Ourense solicitan que o Cotsg medie co IMELGA para que acepten alumnas e alumnos en prácticas dentro da súa organización.

Acordase facer un escrito dirixido ao IMELGA para solicitar que acepten alumnado.

18. convenio das termas de Cuntis.

Queda adiado para outra XG.

19. Rogos e preguntas.

A técnica de dinamización dos grupos de traballo María Olivares fará unha proposta sobre AUTOCOIDADO.

A técnica de formación Lorena fará proposta sobre EMPREGO.

Acordase facer propostas para a próxima XG das axendas para o 2024.

Farase un pedido de bolígrafos.

A Secretaría Xeral de Igualdade solicita formadores para os CIMs, acordase contesta

ALTAS E BAIXAS

BAIXAS

72	Xubilación
355	Xubilación
314	Xubilación
1020	Xubilación
221	Xubilación

ALTAS

4405
4406
4407
4408
4409
4410
4411
4412
4413
4414
4415
4416
2589




Asdo: RODRIGUEZ FERNANDEZ ANA MARIA - 326728200: 34999031T MIRIAM RODRIGUEZ (R: Q1569016G)

Número de persoas colexiadas: 3329
o día 06/11/23 cun certificado emitido por:
AC FNMI Usuarios

o día 02/11/23 cun certificado emitido por:
AC Representación

Visto e praxe:

A Presidenta

A Secretaria

Asdo. Miriam Rodríguez Sierra

Asdo. Ana Rodríguez Fernández